

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN ESPAÑA SALUD DE VENEZUELA EN CARACAS PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO SANITARIAS E DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN VENEZUELA.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación España Salud de Caracas, Venezuela, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Secretaría Xeral da Emigración e a Fundación España Salud de Venezuela co fin de contribuír á atención das necesidades sanitarias e domiciliaria ás persoas maiores de orixe galega residentes en Venezuela que necesitan da súa cobertura por razóns de idade, dependencia e falta de recursos para afrontalas.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación España Salud é unha entidade sen ánimo de lucro, radicada en Venezuela, cuxo obxecto é a prestación de asistencia sanitaria médico-cirúrxica e farmacéutica ás persoas emigrantes españolas beneficiarias de pensións asistenciais, en particular a aquelas que se atopan en situación de precariedade económica, sen prexuízo de que a súa acción se estenda a toda a colectividade española; presta, ademais, o Servizo de Axuda a Domicilio (SAD) para asistencia a persoas en situación de dependencia co fin de atender as súas necesidades da vida diaria, dando cobertura a mais de 6.000 españois e españolas residentes en Venezuela, entre as que figuran máis de 1.800 persoas de orixe galega.

En Venezuela reside un número moi importante de persoas emigrantes españolas de orixe galega (preto de 27.000 segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro de decembro de 2021) que, pola súa situación, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria, situación actualmente agravada polas especiais circunstancias que se viven no país de



residencia. É por isto que ambas as partes entenden que precisan da súa atención e que é necesario xuntar esforzos e exercer unha colaboración que permita dar cobertura á colectividade galega.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrència pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida das persoas emigrantes galegas residentes en Venezuela que, por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares, contén con ingresos mínimos e non poidan afrontar o custo das prestacións que precisan.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía de setenta e cinco mil euros (75.000 €) para financiar as accións recollidas no convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 (código de proxecto 2015 00039), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

